

Matrícula

(A matrícula inclúe os traslados en autobús e os xantares de campo):

Ata o 28 de xullo de 2006

- Socios/as de Nova Escola Galega: 30 euros.
- Parados/as: 30 euros (é precisa xustificación documental).
- Cota ordinaria: 60 euros.

A partir do 29 de xullo de 2006

- Socios/as de Nova Escola Galega: 40 euros.
- Parados/as: 40 euros (é precisa xustificación documental).
- Cota ordinaria: 70 euros.

Forma de pagamento:

Transferencia bancaria a BANESTO

nº de conta: 0030 - 6149 - 15 - 0298019273

É posible solicitar axuda económica para a asistencia a esta actividade de formación, segundo a Orde do 20 de decembro de 2005 (DOG de 27 de decembro de 2005) e a Orde do 24 de marzo de 2006 (DOG do 12 de abril de 2006).

Colaboran:



Asoc. de Pais de Alumnos
TERRA DE MELIDE



CANTEIRAS PREBETONG, S.L.



Ferrallas de MELIDE



DISTRIBUCIONES
Ribeirao



Concello de TOQUES



Concello de SANTISO



Concello de Melide

Debe ser tido en conta que se precisa a indumentaria axeitada para as saídas de campo.

Organiza:



Co-organizan:



Departamentos de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais



IV XORNADAS “CIENCIA E TERRITORIO A ARQUEOLOXÍA”

**Melide, 11, 12 e 13
de setembro de 2006**

Salón de Actos da Biblioteca Municipal de Melide
Instalacións do I.E.S. de Melide

Contactos:

IES Melide
Departamento de Ciencias Naturais
O Marquiño, s/n.
15800 Melide (A Coruña)
Tfno./fax: 981 50 51 62
iesmelide.xornadas@gmail.com

Nova Escola Galega
Apdo. 586
15703 Santiago de Compostela
Tfno./fax: 981 56 25 77
melide.neg@mundo-r.com

Programa:

Día 11

Mañá. Biblioteca Municipal de Melide

09:30 h. Recepción e entrega de material.

10:00 h. Inauguración oficial.

- Coordinadora xeral das Xornadas.
- Director do IES Melide.
- Presidente de Nova Escola Galega.
- Concelleira de Cultura do Concello de Melide.
- Director Xeral de Patrimonio Cultural.

10:30 h. Conferencia 1: *A arqueoloxía en Galicia. Historia e patrimonio.*

Felipe Arias Vila, Director Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte, ex-Director do Museo do Castro de Viladonga.

12:00 h. Almorzo de benvida no Café "Vagalume".

12:30 h. Traslado ao Castro de Viladonga (Castro de Rei - Lugo).

13:30 h. Recepción no Castro de Viladonga e visita guiada ao Museo.

14:30 h. Xantar de campo.

Tarde. Castro de Viladonga (Castro de Rei - Lugo).

16:30 h. Saída de campo 1: *Visita guiada ao castro de Viladonga.*

Felipe Arias Vila, Director Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte, ex-Director do Museo do Castro de Viladonga.

Traslado a Melide.

Noite. Polbeira "A Garnacha"

21:30 h. Cea, con xogos tradicionais na Praza do Convento.

Día 12

Mañá. Biblioteca Municipal de Melide.

10:00 h. Conferencia 2: *O urbanismo castrexo.*

Fernando Acuña Castroviejo, Catedrático de Arqueoloxía, Director do Departamento de Historia I da USC.

11:45 h. Pausa - café.

12:15 h. Conferencia 3: *Os campamentos romanos. O campamento da Cidadela (Sobrado dos Monxes).*

Xosé Manuel Caamaño Gesto, Arqueólogo, Profesor Titular da USC, Director da escavación da Cidadela.

14:30 h. Xantar no IES Melide.

En trámite a homologación da actividade, por un total de 24 horas, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Tarde. Comarca da Terra de Melide.

16:30 h. Saída de campo 2: *Visita guiada á Cidadela (Sobrado dos Monxes) e ao Castro d'A Graña (Toques).*

Fernando Acuña Castroviejo, Catedrático de Arqueoloxía, Director do Departamento de Historia I da USC.

Xosé Manuel Caamaño Gesto, Arqueólogo, Profesor Titular da USC, Director da escavación da Cidadela.

Gonzalo Meixide Cameselle, Arqueólogo da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte de Lugo.

19:45 h. Charla-Coloquio 1: *O material arqueolóxico do Museo da Terra de Melide.*

Visita guiada ao Museo.

Fernando Acuña Castroviejo, Catedrático de Arqueoloxía, Director do Departamento de Historia I da USC.

Xosé Manuel Broz Rei, Director do Museo da Terra de Melide.

Noite. Restaurante Chiquitín

21:30 h. Cea e festa tradicional co grupo "Axóuxere".

Día 13

Biblioteca Municipal de Melide.

10:00 h. Conferencia 4: *Arqueoloxía da paisaxe. O proxecto Bocelo-Furelos 15 anos despois.*

Grupo de Investigación "Proxecto Bocelo-Furelos".

Baixo a dirección de **Felipe Criado Bouso**, o Proxecto Bocelo-Furelos desenvolveu en cinco campañas (de 1987 a 1992) un estudo integral da área Bocelo-Furelos entre o Paleolítico e a Idade Media. Parte das persoas responsables do Proxecto estarán presentes nesta xornada.

12:00 h. Pausa - café.

Comarca da Terra de Melide.

12:30 h. Saída de campo 3. *Lugares representativos do Proxecto Bocelo-Furelos.* (Algún dos lugares a visitar serán as Penas da Camposa e do Pé, o Forno dos Mouros, o xacemento de Requeán, o Castro de Lobos e o Castro Pedro ou o xacemento da Torre dos Mouros).

Grupo de investigación "Proxecto Bocelo-Furelos".

14:30 h. Xantar de campo.

Tarde. Comarca da Terra de Melide.

16:00 h. Saída de campo 4. *Lugares representativos do Proxecto Bocelo-Furelos.* (Algún dos lugares a visitar serán as Penas da Camposa e do Pé, o Forno dos Mouros, o xacemento de Requeán, o Castro de Lobos e o Castro Pedro ou o xacemento da Torre dos Mouros).

Grupo de investigación "Proxecto Bocelo-Furelos".

Biblioteca Municipal de Melide.

19:15 h. Posta en común, avaliación e conclusións das Xornadas.

19:45 h. Clausura oficial.

- Coordinadora xeral das Xornadas.
- Presidente de Nova Escola Galega.
- Alcaldesa de Melide.

Destinatarios

Profesorado de Ensino Secundario do ámbito das Ciencias Sociais.

Profesorado de Ensino Secundario do ámbito das Ciencias Naturais.

Profesorado de Ensino Primario e Secundario en xeral.

Prazas

Prazas limitadas, por rigorosa orde de inscrición.

Xustificación

A partir do ano 2003, Nova Escola Galega e os Departamentos de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais do IES Melide propuxeron, nunha convocatoria anual, unhas xornadas de estudo centradas na comarca da Terra de Melide. A convocatoria nacia coa pretensión de ser exemplificadora a respecto de como os educadores e educadoras podemos aproveitar os recursos didácticos que nos ofrece o medio, sexa cal sexa o punto de Galicia no que desenvolvamos o noso traballo. As tres primeiras edicións das Xornadas "Ciencia e Territorio" estiveron centradas na Xeoloxía, na Xeomorfoloxía e na Botánica, respectivamente.

Unha pretendida -e tal vez imposible- orde lóxica na presentación dos diferentes ámbitos de estudo da comarca, aconsellou na presente edición dar un salto desde aqueles aspectos más directamente relacionados co medio natural, a aqueles outros onde a pegada do ser humano é evidente. Esta toma de decisións veu dada tamén polo feito de que a Terra de Melide é unha das comarcas galegas máis e mellor estudiadas desde a perspectiva arqueolóxica, en diferentes momentos, con diferentes épocas históricas como obxectivo de análise, e mesmo por diferentes escolas de investigadores/as.

Obxectivos

1. Exemplificar estratexias de integración do ensino no territorio.
2. Profundar nos coñecementos sobre os xacementos arqueolóxicos, para despois tentar transmitir os coñecementos e experiencias adquiridos ao alumnado.
3. Ser quen de identificar as características esenciais dos distintos tipos de xacementos arqueolóxicos.
4. Adestrarse no traballo de campo desde a perspectiva arqueolóxica para lograr transmitir as técnicas más elementais do mesmo ao alumnado.
5. Encontrar a lóxica correlación entre as principais características dos poboamentos e o medio natural no que se insiren.
6. Inserir o específico traballo -didáctico e de investigación- no campo da Arqueoloxía, no conxunto de oportunidades educativas -ambientais, sociais, históricas, culturais...- que nos ofrece o medio.

Aloxamiento en Melide

Hostal Sony: 981 50 54 73 - 20 €, durmida e almorzo, aprox.

Hotel Xaneiro II: 981 50 61 40 - 24 €, durmida e almorzo, aprox.

Hotel Carlos'96: 981 50 76 33 - 30 €, durmida e almorzo, aprox.

Parrillada O Muíño: 981 50 60 48 - 23 €, durmida e almorzo, aprox.

Pousada Chiquitín: 981 81 53 33 - 24 €, durmida e almorzo, aprox.